

“XXIV CROSS ANDRÉS ABANQUEIRO”

CAMPIONATO PROVINCIAL XOGADE CAMPO A TRAVÉS

A **AGRUPACIÓN VIGUESA DE ATLETISMO**, co patrocinio de la SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE da Xunta de Galicia e ZUNFER MOTOBOMBAS, organiza o “XXIV CROSS ANDRÉS ABANQUEIRO”, que se celebrará o **Sábado 13 de Decembro de 2025**, a partir das **10.10 horas**, baixo o control técnico do Comité de Xuices da Delegación de Vigo, no **Campo da Feira de Zamáns (Vigo)**. <https://maps.app.goo.gl/559NnLuYkot3pMdD9>, baixo as seguintes normas:

1º) Participarán as seguintes categorías tanto femininas como masculinas, según as idades establecidas pola Xunta de Galicia para o Deporte en Edad Escolar no curso 2025/2026:

a)	Benxamins - Sub 10	(17 / 18)	d)	Cadetes - Sub 16	(11 / 12)
b)	Alevins - Sub 12	(15 / 16)	e)	Pre-Benxamins - Sub 8	(19 / 20)
c)	Infantís - Sub 14	(13 / 14)	f)	Pitufos	(21 / 22)

A maiores, celebrárase una **proba de campo a través popular**, para idades a partir dos nados en 2010 .

2º) **Conxuntamente con este Trofeo celebrárase o Campionato Provincial XOGADE de Campo a Través do Deporte Escolar. En este campeonato solo participarán aqueles atletas y equipos clasificados de las fases previas, de acordo coa Normativa específica de dito Campionato de Xogade.**

O Servizo Provincial de Deportes de Pontevedra da Xunta de Galicia organiza esta competición destinada aos deportistas das Entidades participantes no programa XOGADE **clasificadas** para a fase provincial.

A finalidade desta actividade é a dinamización e promoción do Deporte Escolar mediante a participación inclusiva de todo o alumnado. Unha actividade que loita contra o sedentarismo e fomenta a igualdade de xénero, motivos polos cales este Servizo de Deportes xunto coas Agrupacións Deportivas Escolares deseñaron esta acción educativa, segundo esta normativa.

Art. 1.- Data e lugar.

Esta competición levarase a cabo o sábado día **13 de decembro de 2025** no **Campo da Feira de Zamáns (Vigo)**.
<https://maps.app.goo.gl/559NnLuYkot3pMdD9>

Art. 2.- Categorías.

A proba está destinada ás seguintes categorías: **benxamins** (2017 -2018), **alevins** (2015-2016) **infantís** (2013-2014) e **cadetes** (2012-2011) nenos e nenas. As carreiras organizaranse por categoría e por xénero.

Art. 3.- Mutualidade.

Poderán intervir aqueles deportistas das citadas categorías que estean dados de alta na modalidade de campo a través do programa XOGADE coa súa entidade.

Art. 4.- Inscripcións.

A inscrición dos/as participantes rematará o día **08/12/2025 as 23:59 h.** e farase enviando a folla de inscrición ao correo deportes.vigo@xunta.gal .

En calquera caso, **non se admitirá ningunha inscrición fóra do prazo oficial ou de participantes non clasificados.**

Sobre as follas de inscrición:

- Os campos "Nome", "Apelidos", "Xénero" (Feminino ou Masculino), "Data de Nacemento" (con formato DD/MM/AAAA), e "Curso" deberá ir cuberto cos datos correspondentes a cada participante.

- **No campo "Entidade" indicárase o nome da entidade rexistrada en XOGADE coa que participa.**

Art. 6.- Dorsais.

Entregaranse a partir das 9:15 h. a unha persoa responsable de cada entidade participante. Entidades con cinco ou menos participantes recollerán os dorsais de xeito individual. Os/as participantes deberán facer uso do dorsal de forma totalmente visible, por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma terá coma consecuencia a ausencia do/a deportista nos resultados finais.

Art. 7.- Resultados.

7.1.-Realízase unha **clasificación individual** segundo a orde de entrada en meta.

7.2.-Realízase unha **clasificación por equipos** masculino e unha **clasificación por equipos** feminino en cada unha das categorías.

Para a clasificación por equipos teranse en conta os/as tres (en cadetes) ou catro (no resto de categorías) primeiros/as atletas que cheguen á meta de cada entidade, e sumaranse os postos de entrada na meta destes tres/catro, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivese a mellor clasificación o/a último/a dos/das integrantes que puntúe. Aqueles equipos que non cheguen á meta cos 4 ou, se é o caso, 3 atletas dos que puntúan, non puntuarán como equipo.

7.3.-Realizarase unha clasificación por equipos-centros educativos mixtos reservada a centros educativos

Para a clasificación por equipos de centros escolares teranse en conta os/as tres primeiros/as atletas masculinos e femininos que cheguen á meta de cada entidade e curso académico, e sumaranse os postos de entrada na meta destes seis deportistas, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba. No caso de producirse un empate entre 2 ou máis equipos, resolverase a favor do equipo no que obtivese a mellor clasificación o/a último/a dos/das integrantes que puntúe.

Aqueles equipos que non cheguen á meta cos, 3 atletas masculinos e 3 atletas femininos dos que puntúan, non puntuarán como equipo-centro educativo mixto.

7.4.-Realizaranse dúas clasificacións (masculino e feminina) por curso, reservada a centros educativos

Para a clasificación por curso masculino teranse en conta os tres primeiros atletas masculinos que cheguen á meta de cada entidade e curso académico, sumando os postos de entrada na meta, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba.

Para a clasificación por curso feminino teranse en conta as tres primeiras atletas femininas que cheguen á meta de cada entidade e curso académico, sumando os postos de entrada na meta, sendo a entidade que menos sume a vencedora da proba.

No caso de producirse un empate entre 2 ou máis cursos, resolverase a favor do curso no que obtivese a mellor clasificación o/a último/a dos/das integrantes que puntúe.

Aqueles cursos que non cheguen á meta con 3 atletas masculinos, ou no seu caso 3 atletas femininas, non puntuarán para a clasificación por curso.

Art. 8.- Premios.

A entrega de premios realizarase a partir das 12:30.

8.1.-Entregaranse medallas aos 3 primeiros/as clasificados/as individuais.

8.2.-Entregaranse medallas ao primeiro equipo clasificado de cada categoría e sexo.

8.3.-Entregaranse medallas ao primeiro equipo mixto clasificado de cada curso.

8.4.- Entregaranse medallas ao primeiro equipo clasificado de cada curso e sexo.

Art. 9.- Clasificación para o Campionato Galego.

Nas categorías alevín, infantil e cadete, clasificaranse os 2 mellores equipos, así coma os 10 primeiros atletas clasificados de xeito individual que non estean incluídos nos equipos clasificados, sempre e cando entren na meta ente os 15 primeiros.

As persoas participantes da categoría benxamín non participarán no campionato galego.

Art. 10.- Desprazamentos.

No caso de precisar autobús, solicitalo con data límite do 09/12/2024 no enderezo electrónico transporte-xogade.pontevedra@xunta.gal

Non será posible xestionar ningún transporte se a solicitude é posterior ao límite indicado.

- 3º) Además de los clasificados para el CAMPEONATO PROVINCIAL XOGADE, están **invitados a participar todos los Clubes o Centros Escolares que lo deseen**, siempre que tengan licencia del deporte escolar o federativa para las categorías de SUB 10 a SUB 16, en vigor, exceptuando pre-benjamines y pitufos.
- 4º) Cada Club, Centro, ou atleta individual, deberá enviar asúa inscrición por categoría e sexo, por escrito ata o día **8 de Decembro as 23:59**, facendo constar o seu Nome, Apelidos, Data de Nacemento, nº de Ficha, e Centro ou Clube. As inscricións deberán enviarse o correo electrónico ava.atletismo@gmail.com. Cada Clube ou Centro poderá inscribir os atletas que desexe.
- 5º) Calqueira anomalía que poida surdir, será resolta polo Xuiz Arbitro da proba.
- 6º) Os dorsais serán facilitados pola organización, estando terminantemente prohibido manipularlos ou cubrir a publicidade. O incumprimento de esta norma significará a inmediata descalificación do atleta.
- 7º) Concederanse Premios os primeiros clasificados de cada categoría.
- 8º) A organización no se fai responsable dos danos morais ou materiais que así mesmos ou a outras persoas ocasionen os participantes nesta carreira. Todo o non previsto neste Regulamento, resolverase de acordo co Regulamento Internacional en vigor.

9º) As distancias aproximadas a disputar, así como a **orde da competición**, por categoría, será a seguinte:

<u>10.10 horas</u>	Cadete Femenina	2.500 m.	(1 Volta Azul + 2 Voltas Rosa)
<u>10.30 horas</u>	Cadete Masculino	2.500 m.	(1 Volta Azul + 2 Voltas Rosa)
<u>10.55 horas</u>	Infantil Femenina	2.000 m.	(2 Voltas Rosa)
<u>11.10 horas</u>	Infantil Masculino	2.000 m.	(2 Voltas Rosa)
<u>11.30 horas</u>	Alevín Femenina	1.500 m.	(1 Volta Azul + 1 Volta Rosa)
<u>11.40 horas</u>	Alevín Masculino	1.500 m.	(1 Volta Azul + 1 Volta Rosa)
<u>12.00 horas</u>	Benjamín Femenina	1.000 m.	(1 Volta Rosa)
<u>12.15 horas</u>	Benjamín Masculino	1.000 m.	(1 Volta Rosa)
<u>12.25 horas</u>	Popular Femenina	2.500 m.	(1 Volta Azul + 2 Voltas Rosa)
<u>12.40 horas</u>	Popular Masculino	2.500 m.	(1 Volta Azul + 2 Voltas Rosa)
<u>12.55 horas</u>	Pre-Benjamín Femenina	500 m.	(1 Volta Azul)
<u>13.00 horas</u>	Pre-Benjamín Masculino	500 m.	(1 Volta Azul)
<u>13.05 horas</u>	Pitufos Femenina	150 m.	(Circuito Verde)
<u>13.10 horas</u>	Pitufos Masculino	150 m.	(Circuito Verde)

As persoas participantes deberán presentarse na zona de saída 10 minutos antes da hora de inicio da proba.

Vigo, a 28 de Novembro de 2.025

Vº Bº DELEGACIÓN DE ATLETISMO EN VIGO

A.V.A.

